



XV CONCURSO “IGNACIO LÓPEZ BUENO” DE PRESENTACIÓNS INFORMÁTICAS E AUDIOVISUAIS

A Dirección do “IES TERRA DE TRASANCOS” quere convidalos a participar na XV Edición do Concurso de presentacións informáticas e audiovisuais “Ignacio López Bueno”. Nesta edición traballaremos sobre “O Vidro”, establecido como tema do Ano Internacional de 2022 por Nacións Unidas a proposta de España.

Algúns dos nosos obxectivos son: **destacar a importancia deste material nas nosas vidas, a relevancia na arte, na ciencia, na economía, na tecnoloxía e no desenvolvemento das comunicacións e internet grazas á fibra óptica.**

Por todo isto, animámoslos a participar na presente edición do concurso e rogámoslles transmitan esta información a tódolos departamentos didácticos.

BASES DO CONCURSO:

PARTICIPANTES:

O concurso vai dirixido aos alumnos e alumnas de educación secundaria **ESO, BACHARELATO e CICLOS** que estean matriculados no presente curso en centros de **GALICIA**.

Cada un dos participantes deberá acompañar o seu traballo dun certificado de matrícula nalgún dos centros da nosa Comunidade Autónoma.

TRABALLO:

Consistirá nunha presentación informática ou audiovisual, que levará como título:

“Unha vida de vidro”

VALORACIÓN DO TRABALLO NAS DÚAS MODALIDADES:

Para a valoración do traballo terase en conta:

- O rigor científico.
- O tratamento medioambiental do tema.
- A orixinalidade da presentación e dos contidos.
- O rigor nos aspectos estéticos e tecnolóxicos.

ENTREGA DO TRABALLO:

- Na Secretaría do centro IES “TERRA DE TRASANCOS” en formato CD, DVD ou lapis de memoria.
- Por correo ordinario en formato CD, DVD ou lapis de memoria.
- Por correo electrónico, poñendo como asunto: **XV Concurso de presentacións informáticas ou audiovisuais “Ignacio López Bueno”**
- **Para os alumnos do centro organizador, na aula virtual no apartado de actividades: XXVIII Semana Verde (na categoría e nivel correspondente)**

- Terá que constar o nome do alumno, o curso, o centro no que está matriculado, o nome do profesor encargado, os seus datos de contacto e a categoría na que participa.

ENDEREZOS:

IES "TERRA DE TRASANCOS", CAMIÑO REAL s/n C.P. : 15 570 NARÓN.

ies.terra.trasancos@edu.xunta.gal

DATAS DE PRESENTACIÓN:

Os traballos terán como data límite para a súa presentación o día **22 de abril do 2022**.

PREMIOS:

En cada modalidade, PRESENTACIÓNS INFORMÁTICAS e PRESENTACIÓNS AUDIOVISUAIS, establécense os seguintes premios:

1 premio para alumnado de ESO dotado con DIPLOMA e un vale de 75 euros para investir en material didáctico e/ou escolar.

1 premio para alumnado de Bacharelato e Ciclos dotado con DIPLOMA e un vale de 75 euros para investir en material didáctico e/ou escolar.

ENTREGA DE PREMIOS:

O fallo do concurso darase a coñecer o día **29 de abril do 2022** e será publicado no taboleiro do centro e na páxina web: www.trasancos.net . A entrega dos premios correspondentes realizarase nun acto que se levará a cabo no Salón de Actos do centro ese mesmo día **ás 12.10 da mañá**.

XURADO:

Estará constituído polos seguintes membros:

A vicedirectora do centro, a xefa do Departamento de Artes Plásticas, a xefa do Departamento de Tecnoloxía, un profesor do Departamento de Xeografía e Historia e un profesor do Departamento de Administración.

O fallo será inapelable, podendo quedar deserto algún dos premios se o xurado así o considera.

Os traballos presentados non se devolverán e poderán ser publicados en plataformas dixitais e redes sociais, e/ou impreso con fins didácticos.

Narón, a 8 de marzo de 2022.



Asdo.: Graciela Galdo Vigo

Directora

